

# A crise fai que se resintan as vendas da campaña de Nadal

Asetem-Cca sorteou o día 8 de xaneiro 6.000 euros entre os clientes do comercio local e puxo fin a unha campaña de Nadal marcada pola crise e na que os comerciantes notaron un descenso de vendas con respecto a anos anteriores. Non obstante, a patronal melidense amósase “moderadamente satisfeita” co resultado da campaña por lograr manter tanto o nivel de premios como o número de participantes e de boletos repartidos. P3



### EMPRESA

O mercado dos domingos terá máis postos con produtos alimenticios P5

### COMARCA

O alcalde de Santiso esíxelle desculpas ao PP por verter “falsas acusacións” P14

### CULTURA

Os Melidaos presentan o seu segundo disco, “Axudádeme a cantar” P19

### ENTREVISTA



**Marissa Sánchez, El baúl de la Piquer** P23

## A Rúa Galicia queda sen 26 prazas de aparcamento




Os propietarios da parcela decidiron bloquear os accesos con grandes pedras de cantería alegando que o concello non cumpre o contrato asinado hai catro anos. P11

## Na loita por recuperar os terreos da Illa de Altura



Os donos dun outeiro situado no medio das augas de Portodemouros denuncian que se está facendo un uso comercial das fincas que lles foron expropiadas. P16



**JAVIER LÓPEZ LÓPEZ**

**ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049**

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Fotos antigas do Catastro de Melide
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traídas de auga, etc.

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: [ingtec@teleline.es](mailto:ingtec@teleline.es)  
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.000 MELIDE (A Coruña)



## Editorial

### O momento do cambio

Comeza un novo ano e a actividade empresarial e comercial segue o seu curso. Pasado o tempo de Nadal e os primeiros días das rebaixas, que cun balance máis ou menos positivo supuxeron en todo caso un pequeno paréntese na dura realidade, agora empeza de novo o baile. E toca bailar con previsións pouco esperanzadoras que perfilan 2013 como outro ano de dificultades onde haberá que camiñar costa arriba. Mais toda dificultade é susceptible de ser convertida en reto e así debe enfocarse o tecido empresarial de Melide estes doce meses que temos por diante. De todo o que se pode facer, o máis importante é mudar o xeito de ver as cousas e non obviar que o mundo está cambiando á presa e que nós, empresarios, autónomos e comerciantes, debemos cambiar tamén.

Por iso a crise é unha oportunidade para superar esquemas tradicionais e nese sentido as novas tecnoloxías e as redes sociais ofrecen unha posibilidade inigualable para mudar a forma de facer negocio. É un tren que debemos coller sen escusa se non queremos quedar apeados na estación. Son moitos os socios e socias de Asetem que xa dispoñen de páxina web ou están presentes en Facebook. Ese é o camiño a seguir e ao que se deberían de incorporar todos



os establecementos, independentemente da súa natureza. A día de hoxe saber por onde se moven os clientes, coñecer o que demandan e a atención que esperan de nós é a clave para garantir a pervivencia dos nosos negocios no futuro.

É certo que a crise está a provocar a quebra de moitos comercios e empresas, pero onde uns caen, outros medran. Pechar a porta non é a única das saídas posibles e quizais os tempos difíciles son un bo momento para repensar e reorientar os nosos negocios no caso de precisalo. O sector dos arranxos e das reparacións (roupa, zapatos, vehículos), está a medrar de forma imparable e mesmo xorde competencia onde antes apenas había oferta. O mesmo acontece cos outlets e as tendas de

segunda man. Cambiar o público ao que nos diriximos é outra das alternativas á agoría. No sector da hostalería temos algúns exemplos: moitas empresas entenderon que os seus clientes non poden manter o mesmo nivel de gasto e apostaron por cambiar a carta e ofrecer produtos máis económicos, que non de mala calidade. Non son receitas infalibles, só ideas, a mostra de que é o momento de actuar.

O novo ano comeza coas inercias do vello, pero sen dúbida 2013 é un bo momento para mellorar ou para empezar. O único certo é que se continuamos con medo e facemos o mesmo de sempre, nunca sairemos da crise nin nos adaptaremos ao novo sistema que se está creando. A oportunidade témola agora.

## Tribuna de opinión

### R.I.P rebaixas

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



A mediados do mes de xullo o Consello de Ministros aprobaba un Real Decreto Ley con medidas liberalizadoras para o comercio entre as que destacaba permitirlle aos comerciantes facer rebaixas durante todo o ano. Acabamos de estreitar ese novo xeito de proceder en contra do que están o 67% dos pequenos comercios por considerar que os deixa nunha situación de desvantaxe, segundo indica un estudo de ESADE.

É un sentir xustificado porque en realidade os últimos cambios na normativa agochan unha desregularización do sector e vén a dar carta verde para que cada quen faga o que queira, cando queira e sen control da administración nin dos consumidores. A aposta é clara unha vez máis

polas grandes superficies, que sempre se valeron de argucias para camuflar os descontos baixo diferentes nomes. Agora poden continuar facendo o mesmo pero co amparo da lei. Unha lei que, por outra banda, desampara aos máis pequenos porque nunca tiveron nin terán a mesma marxe de manobra cos prezos e tampouco poden permitirse estar de saldos cada vez que llo impoña a competencia. Unha competencia máis e máis desigual.

As rebaixas sempre se asociaron a determinadas épocas do ano. A temporalidade está na súa razón de ser e sen unha data de caducidade o propio concepto de rebaixas está condenado a desaparecer. Agardemos que non sexa a antesala para a desaparición do pequeno comercio.

## Cerne

Edición dixital en [www.asetem.com](http://www.asetem.com)

Publicación mensual de distribución gratuíta

**COORDINACIÓN E REDACCIÓN:** Iván G. Blanco

**EDICIÓN:** Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

**ENDEREZO:** R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 E-mail: [info@asetem.com](mailto:info@asetem.com)

**COLABORACIÓNS:** Santiago Prado Conde, Xosé Núñez López, Asociación de Troiteiros 'Río Furelos' de Melide, Rafael Rodríguez Gaioso

**AGRADECEMENTOS:** Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

**IMPRESIÓN:** Publicaciones Tameiga S.L.

**DEPÓSITO LEGAL:** OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

## ÍNDICE

|                       |    |
|-----------------------|----|
| -EDITORIAL.....       | 2  |
| -EMPRESA.....         | 3  |
| -MELIDE.....          | 11 |
| -COMARCA.....         | 13 |
| -CULTURA E LECER..... | 19 |
| -COLABORACIÓNS.....   | 22 |
| -ENTREVISTA.....      | 23 |

## 6.000 euros para o comercio na costa de xaneiro

Asetem-Cca pon fin á campaña de Nadal co sorteo de 22 premios entre os clientes

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) culminou a campaña de Nadal 2012-2013 co sorteo de 6.000 euros, unha contía que revertirá nos establecementos locais e que contribuirá a dinamizar o comercio nun mes tradicionalmente difícil no que a vendas se refire.

En total outorgáronse 22 premios: un de 2.000 euros, un de 1.000 euros, dez de 200 euros e outros dez de 100 euros. Para iso, o pasado 8 de xaneiro realizouse ante notario e na sé de Asetem-Cca a extracción dos números agraciados. Sacáronse 44 boletos, a metade como titulares e a outra metade en concepto de reserva, de entre os preto de 50.000 que repartiron os establecementos participantes entre os seus clientes ao longo dos 39 días que durou a campaña de Nadal.

### Entrega de premios

Os clientes e clientas agraciados terán de prazo ata o xoves 31 de xaneiro ás 13:00 horas para presentar as rifas premiadas, tanto as titulares como as de reserva. Deberán facelo na sé de Asetem, sita na Rúa Lino Sexto Sánchez número 2. De non aparecer o posuidor do número titular, o premio será entregado a quen presente o número reserva. Os premios

| NÚMEROS PREMIADOS                                                                                      |                                                                                                    |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>1º PREMIO - 2.000 EUROS</b><br><b>27.223 (Librería Cousas)</b><br>Reserva: 21.918 (Xoiería Silvela) | <b>2º PREMIO - 1.000 EUROS</b><br><b>27.194 (Librería Cousas)</b><br>Reserva: 10.302 (Casa Santos) |
| PREMIOS DE 200 EUROS                                                                                   |                                                                                                    |
| 00007 (Expert Melide)                                                                                  | > Reserva: 22.991 (El Baúl de la Piquer)                                                           |
| 07.124 (Óptica Abal)                                                                                   | > Reserva: 16.358 (Modas Manuel)                                                                   |
| 14.715 (Bodegas Mejuto)                                                                                | > Reserva: 24.893 (Pescados Manolo)                                                                |
| 27.769 (Librería Cousas)                                                                               | > Reserva: 19.886 (Pizzería Xoldra)                                                                |
| 33.785 (Santín & Amo Perruqueiros)                                                                     | > Reserva: 24.132 (El Mundo del Pintor)                                                            |
| 36.281 (Xoiería Roval)                                                                                 | > Reserva: 20.804 (Óptica Melide)                                                                  |
| 37.122 (Muxica Tenda Xoven)                                                                            | > Reserva: 28.867 (Librería Cousas)                                                                |
| 37.984 (Muxica Tenda Xoven)                                                                            | > Reserva: 22.022 (Sisuka Moda)                                                                    |
| 40.820 (Melimática)                                                                                    | > Reserva: 11.452 (Librería Cousas)                                                                |
| 45.367 (Xoiería Silvela)                                                                               | > Reserva: 12.614 (Tu Boutik)                                                                      |
| PREMIOS DE 100 EUROS                                                                                   |                                                                                                    |
| 01.684 (Lácteos Terra de Melide)                                                                       | > Reserva: 21.512 (Xoiería Oro Ley)                                                                |
| 21.080 (Óptica Melide)                                                                                 | > Reserva: 43.441 (Eurocadena)                                                                     |
| 31.352 (Calitex)                                                                                       | > Reserva: 44.807 (Xoiería Silvela)                                                                |
| 34.686 (Eurocadena)                                                                                    | > Reserva: 15.943 (Imprenta Meligraf)                                                              |
| 35.844 (Est. de servizo Corredoiras)                                                                   | > Reserva: 35.384 (Est. de servizo Corredoiras)                                                    |
| 36.798 (Xoiería Roval)                                                                                 | > Reserva: 34.951 (Eurocadena)                                                                     |
| 37.151 (Muxica Tenda Xoven)                                                                            | > Reserva: 11.902 (Librería Cousas)                                                                |
| 45.818 (Calzados Broz)                                                                                 | > Reserva: 09.695 (Parrillada O Carbuo)                                                            |
| 47.267 (Leiva Motosport)                                                                               | > Reserva: 33.628 (Santín & Amo Perruqueiros)                                                      |
| 49.044 (Estanco Angarela)                                                                              | > Reserva: 16.080 (Modas Manuel)                                                                   |

para os que non se presente ningún número serán declarados desertos.

Os clientes ganadores recibirán o galardón de mans dos titulares dos establecementos onde se lles entregou a rifa agraciada. Será no transcurso dun acto organizado por Asetem-Cca para o que aínda non hai data fixada e para o que ámbalas dúas partes serán avisadas. Farase entrega de vales de 50 euros ata completar o valor do premio acadado. Os

agraciados deberán consumirlos nos 15 días seguintes á celebración do acto de entrega. Poderán elixir libremente entre todos os comercios que participaron na campaña.

A través da páxina web [www.asetem.com](http://www.asetem.com), clientes e comerciantes poden facer un seguimento diario dos boletos con premio que se van entregando nas oficinas da patronal. Tamén estará dispoñible o listado de establecementos nos que se poden gastar os vales.

### Mantéñense os premios pero caen as vendas

A directiva de Asetem amósase “moderadamente satisfeita” co resultado da campaña Este Nadal toca en Melide. A presidenta da entidade, Sonia Valiño, destaca que “nos tempos difíciles que estamos atravesando, fomos quen de manter o nivel de premios e repartimos practicamente o mesmo número de rifas ca en anos anteriores”. Na presente campaña participaron 66 establecementos, fronte aos 71 do ano pasado, e repartíronse 48.000 boletos. Son 2.000 menos ca na campaña anterior. Con todo, a patronal melidense constata que en xeral se produciu un descenso nas vendas e que en termos económicos a presente campaña “foi peor cá de anos anteriores”. Así o recoñece a presidenta de Asetem, quen explica que “con botar unha simple ollada ás rúas de Melide en días clave do Nadal xa se podía apreciar que había menos actividade”.



A notaria, Mª Carmen Carreira, mesturando os boletos

**Villamor.s.c**  
www.inmobiliariavillamor.com

**Rodrigo Fernández Pombo**  
gerente

**Inmobiliaria - Seguros - Comunidades**

**MELIDE**  
Canton de San Roque, 8

Tel. y fax: 981 818 330  
info@inmobiliariavillamor.com

**SEGUROS BILBAO**

**Rodrigo Fernández Pombo**  
C/ Rda. de Pontevedra, 113  
15800 - MELIDE  
Tlf/Fax: 981 506 495  
Móvil: 678 055 942

**CONVENIO ESPECIAL ASETEM:**  
**PRECIOS ESPECIALES PARA ASOCIADOS**

VIDA, HOGAR Y ACCIDENTES hasta el

**TU SEGURO DE VIDA, HOGAR Y ACCIDENTES**

**A PRECIO DE OTRAS TEMPORADAS**

**25%**  
descuento



## EMPRENDEDORES EN MELIDE

JOSÉ ANTONIO ABAD BARREIRO, “CAFETERÍA BREOGÁN”

### “O traballo por conta propia é unha das poucas saídas que hai hoxe en día”

**-Que enfoque ten pensado darlle á cafetería?**

-De momento o enfoque é moi xeral, porque acabamos de abrir e temos que saber primeiro que é o que máis demanda a clientela e o que mellor funciona. Pouco a pouco iremos focalizando pero polo de agora queremos tocar todos os paus.

**-Enuméreme algúns.**

-Pois por exemplo xa temos incorporado todo o tema de bocadillos, tanto fríos como quentes, pratos combinados, hamburguesas e racións. Tamén servimos almorzos. De momento comezamos ás 7 da mañá pero a partir de Semana Santa, cando aumente o fluxo de peregrinos, abriremos ás 6. E nas fins de semana tamén está vindo bastante xente de

viños facer a rolda por aquí. En principio non contaba con ese tipo de clientes, porque o bar non está na zona de viños propiamente dita, pero estanse achegando e estamos encantados.

**-Escolleu o casco histórico para o seu negocio por algún motivo concreto?**

-Non, simplemente xurdiu así a ocasión. Púxenme a buscar locais e apareceu este da Rúa San Antonio; un bar novo, completamente reformado polo dono e onde o único que faltaba era meterse nel e poñerse a traballar. Tiven sorte porque a zona tamén me gusta e creo que está ben situada. Temos preto o tanatorio, a casa do Concello, os domingos hai mercado e tamén é lugar de paso de moitos peregrinos.

**-Que balance fai deste primeiro mes en funcionamento?**

-Moi positivo. Tamén é certo que coincidiu coas festas de Nadal, unha época na que vén moita xente e os clientes chegan para todos. A partir de agora é cando empezaremos a saber mellor como vai a cousa. De todos os xeitos son optimista; xa non falta nada para o Entroido e logo axiña se revitaliza o Camiño de Santiago. Hai que comezar con ánimo.

**-Por que escolleu o sector da hostalería?**

-Porque agora mesmo o traballo por conta propia é unha das poucas saídas que hai aquí. Ou iso ou marchar para fóra, algo que tampouco che garante o futuro ao 100%. Por outra banda a hostalería é un



José Antonio Abad decidiu probar sorte no sector da hostalería

dos poucos sectores que, a pesar da crise, vai tirando. Así que, decidín intentalo aquí.

**-Unha crise que non evita que en Melide se sigan abrindo novos locais...**

-É unha zona moi boa e vén moita xente de fóra. Eu de momento, no tempo que levo

aberto, estou traballando con clientes de Melide, porque a cafetería aínda non é moi coñecida. Pero non fai falta máis ca ir á zona dos viños ou dos pubs cada fin de semana para ver canta xente de fóra vén adrede a Melide para saír, cear e tomar unhas copas cos amigos. É unha vila con tirón.





## A ampliación do mercado dominical é pouco probable pero segue aberta

O Concello de Melide rematou de actualizar o censo de postos do mercado dos domingos, cun resultado de 8 baixas e 20 altas. Cos datos na man, o goberno municipal coida que non será preciso ampliar a feira a unha rúa máis da vila, unha idea que barallaba inicialmente no caso de que se producise unha alta demanda de licenzas.

Aínda así, o concelleiro de Promoción Económica e Comercio, Santos López, sinala que a posibilidade da ampliación é un asunto “que aínda non está pechado”, xa que hai solicitantes que non achegaron toda a documentación requirida e estáselles a dar unha marxe de tempo. Non obstante, o concelleiro resalta que as altas se produciron fundamentalmente no sector da alimentación e que aí será onde se rexistre un incremento de postos. O goberno local quere reforzar a venda de alimentos procedentes do campo para que Melide



O concello quere potenciar os postos de alimentos naturais

sexa un referente para a compra de produtos naturais. Nesa liña, os pequenos produtores seguirán estando exentos de pagar por comercializar a súa mercancía na feira.

### Téxtil e calzado

A política con respecto aos postos de téxtil e calzado irá nunha liña contraria e limitárase “a cubrir os ocos que quedaron baleiros”, segundo

indica Santos López, quen explica que a oferta nese sector “xa está completa e non é preciso potenciala”.

Por outra banda, a partir de agora os vendedores ambulantes deberán aboar as taxas por instalación de postos no mes de xaneiro. O goberno local decidiu aplicar esta nova medida ao detectar unha alta morosidade co anterior sistema de pago, a semestre vencido.

## NOTICIAS BREVES

### Charla: “Somos o que comemos”

Distribuidores Independientes Herbalife organiza unha conferencia sobre hábitos alimenticios na sede da Asociación de Empresarios Terra de Melide. Será o próximo mércores 16 de xaneiro ás 20:00 horas e está aberta a todas as persoas interesadas, sen necesidade de inscrición previa. Entre os asistentes sortearanse produtos de aloe vera.

Baixo o título “Somos o que comemos”, a charla abordará

os hábitos de alimentación máis frecuentes na sociedade de hoxe en día e tentará dar as claves para melloralos e poder ter un mellor benestar.

Segundo un estudo realizado pola Agencia Española de Seguridad Alimentaria, só o 43% dos cidadáns adultos consomen hortalizas a diario. No referido á froita, a porcentaxe baixa ata o 38%. Cada vez reducimos máis o tempo adicado á preparación da comida.

### Mercamelide: 16 e 17 de febreiro

O Mercamelide de inverno celebrárase este ano os días 16 e 17 de febreiro. A data do evento, que organiza o concello de Melide e no que colabora Asetem-Cca, atrasouse un pouco con respecto a edicións anteriores por coincidir a primeira fin de semana de febreiro coa Feira do Cocido de Lalín e a segunda coa celebración do Entroido. Como é tradicional, o Pazo de exposicións e congresos acollerá esta

feira de saldos na que non faltará o calzado, a moda, lenzaría, decoración, deportes, perfumería, electrodomésticos, mobles, artigos de fogar e un longo etcétera.

Unha das principais novidades introducidas o ano pasado, a máquina filloeira de Lestedo, non poderá repetir nesta edición, xa que a festa da filloa nesa localidade tamén se celebrará os días 16 e 17. O concello estuda xa alternativas.

## Nace o Regasa, un rexistro sanitario galego para os negocios da alimentación

A Xunta de Galicia aprobou a finais de ano crear o Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios (Regasa). O obxectivo desta medida é protexer a saúde pública e os intereses dos consumidores, facilitando o control oficial das empresas e dos establecementos de alimentación.

O Regasa terá un carácter exclusivamente autonómico, existindo un rexistro unificado para toda Galicia, e a inscrición será obrigatoria para os negocios alimentarios cuxa actividade consista en manipular, transformar, envasar, almacenar ou servir alimentos, tanto ao consumidor directamente como a outros establecementos. Máis concretamente, atinxe a comerciantes retalistas, restaurantes, cafetaría, bares, panadarías, pastelerías ou comedores de centros escolares.

Están exentos de inscribirse no Regasa aquelas empresas e establecementos

alimentarios que por lei xa deben figurar no rexistro de ámbito nacional. Tampouco están obrigados os postos e vehículos de venda ambulante nin os locais que se utilizan principalmente como vivenda privada e ocasionalmente para servir comidas.

### Locais en activo

Os establecementos que xa están en activo e de cuxa existencia xa ten coñecemento a Consellería de Sanidade serán inscritos de oficio no Regasa, sen necesidade de presentar solicitude ou inscrición. Para os negocios que inicien actividade, abondará con presentar unha comunicación antes as autoridades provinciais competentes. Será obrigatoria para todos os establecementos comunicarlle ao Regasa calquera modificación no referente ao cambio de titular da empresa, cambio de domicilio social, ampliación, modificación da actividade ou cese de actividade.

## As rebaixas liberalizadas chegan cunha caída do 10% nas previsións de gasto



Alguns comercios melidenses botaron man do enxeño para captar a atención dos clientes en tempo de rebaixas

Son agardadas polos clientes para mercar máis barato e polos comerciantes para relanzar as vendas nun mes difícil, pero as rebaixas de inverno non serán este ano o maná para ningunha das dúas partes.

Segundo un estudo realizado pola Federación de Usuarios y Consumidores Independientes (FUCI), cada galego gastará un 10% menos ca o ano anterior nas rebaixas de

xaneiro. Traducido en euros, cada cidadán gastará nesta campaña de saldos 75 euros, 9 menos ca na tempada de 2012. O dato confirma a tendencia de descenso do gasto dende o inicio da crise; hai cinco anos, en 2008, cada galego investía nas rebaixas 110 euros, 35 máis ca na actualidade. Da enquisa realizada pola FUCI tamén se desprende que o 83% prevé gastar menos car-

tos este ano. Só un 36% vai fixar un presuposto previo. Con todo, dous de cada tres cidadáns aseguran que mercarán algún produto. O 67% inclínase polos artigos téxtiles, o 21% buscará complementos e o 7% novas tecnoloxías. O 5% restante optará por outro tipo de bens e servizos.

### Rebaixas madrugadoras

As rebaixas de xaneiro chegaron este ano máis cedo ca de costume a algúns establecementos de Melide. Tras a liberalización do comercio impulsada polo goberno central (que lle permite ao comerciante facelas cando queira), algúns comercios optaron por adiantalas ao día 2, para sorpresa de moitos clientes. Non obstante, a maioría de tendas agardaron ao día 7 de xaneiro, como facían tradicionalmente, para comezar cos descontos.

A Federación Galega de Comercio amósase contraria á liberalización das rebaixas por considerar que deixa ao pequeno comercio en inferioridade de condicións.



JAVIER RODRÍGUEZ LÓPEZ, DJ GABY SHOCK (PUB Q+)

## “A miña única aspiración é superarme día a día para chegar a ser o mellor”

**-Como foron os teus primeiros pasos neste mundo?**

-Todo empezou a principios dos 90 cando nos xuntamos un grupo de amigos e comezamos a facer festas na casa dun deles, na aldea das Barreiras. Usamos o baixo para montar un garito á nosa maneira. Alí poñiamos música e para a iluminación usabamos focos de coches e de autobuses con filtros de cores. Foi entón cando descubrín a miña febre...

**-Cando deches o salto ás cabinas?**

-Dende As Barreira fómonos achegando á vila. Empecei no Latino, cando en Melide aínda había poucos pubs. Daquela non tiña coñecemento ningún, simplemente poñía unha canción detrás doutra. Ao pouco fixen un cursiño que foi impartido por un dos mellores

disc jockey de España e así foi como empecei a aprender. Máis tarde propuxéronme traballar na antiga Xanadú como light jockey. Despois acabei pinchando e botei alí cinco anos. Tamén estiven na Nova Hexágono de Lugo e inaugurei moitos locais en Melide. Agora levo tres anos no Pub Q+.

**-Como está resultando a experiencia?**

-Fantástica. O ambiente de traballo é moi bo e ademais tiven a sorte de que me puxeron o equipo que eu demandaba. Estou gozando coma un anano e iso tradúcese en que o Pub Q+ está cheo ata a bandeira todas as fins de semana.

**-Que cualidades debe ter un bo DJ?**

-A técnica é moi importante porque pinchar, ao contrario do que pensa moita xente, non

se trata de poñer unha canción detrás doutra. Cada canción ten unhas bases e o que hai que intentar é pisar a base dunha coa outra, ao mesmo tempo. Iso e a práctica son fundamentais, pero tamén hai que coñecer os gustos da xente e saber adaptarse a cada local e a cada momento. Iso apliqueino esta Noitevella. Acostumo a poñer música de festa e cancións coñecidas dos 80. Este ano quíxeno facer de novo pero notei que non resultaba. Cambiei o chip automaticamente e pinchei coma se fose un sábado calquera; a noite foi un éxito. Iso si, a altas horas da mañá cando a xente está como está, xa vale calquera cousa, mesmo Perlita de Huelva (Ri).

**-Que cambiou no mundo da música e dos DJ nestes dezaseis anos?**



Gaby Shock, o DJ máis veterano de Melide, leva 16 anos pinchando

-Moitas cousas, comezando polos propios aparatos para reproducila. Eu comecei con vinilos. Ía todas as semanas a unha coñecida tenda de discos da Coruña para buscar os últimos éxitos. Despois xa veu o CD e hoxe en día está todo dixitalizado. Se queres, o ordenador traballa só. As novas tecnoloxías estanlle axudando moito ás xeracións que empe-

zan agora neste mundo.

**-Cales son as túas aspiracións como disc Jockey?**

-Nunca tiven moitas. O meu obxectivo non é chegar a ter fama nin subirme á parra. Identifícome co seguinte dito: “non son o mellor pero quero ser o mellor”. Busco superarme día a día; esa é a miña única aspiración.

## ANIVERSARIOS DO PUB TUBOS, ALOHA MELIDE E PUB DE LUXE



Son tres clásicos da noite melidense e están de noraboa: Pub Tubos, Aloha Melide e Pub de Luxe cumpriron un aníño máis e para celebralo organizaron festas nas que botaron o resto en canto a regalos, sorpresas e boa música se refire. Azafatas, gogos, sorteos ou sesións de photocall completaron a xa de por si atractiva combinación que ofrecen cada fin de semana estes tres establecementos. Tanto fans incondicionais como novos rostros quixeron estar presentes nestas celebracións que ao coincidiren coa época de Nadal tiveron o mellor dos ambientes posibles. Agora, de cara á nova tempada de inverno, estes tres pubs de Melide prometen novidades coas que axiña nos sorprenderán a todos e a todas.







*Chámase Luis Rúa Miguélez pero por todos é coñecido como “Peque”. Dende agora compartirá sobrenome co bar da zona vella do que se acaba de facer cargo despois dunha longa traxectoria como camareiro en varios locais da vila. O d’Peque, antigo Bar Principal, chega á oferta de ocio de Melide co convencemento de que ten moito que ofrecer a unha zona dos viños única na comarca onde unha pequena distancia concentra 14 locais diferentes. Bo ambiente, trato amable e tapas garantidas agárdanvos nunha visita obrigada á d’Peque.*



**Rúa PRINCIPAL, 6 - MELIDE**

**TELF: 696 77 41 63**





**Novo servizo de  
churrería dende as  
6 da mañá durante  
todo o día**

**Churros de  
elaboración caseira**

**Bocadillos quentes,  
tostadas, torradas,  
zorza, orella picante**

## CAFETERÍA E CHURRERÍA

**Rúa Cátedra, 1 - Esquina San Antonio (MELIDE)**



**ALMORZOS ESPECIAIS**

## ERUOM viños

**XAN GARCÍA MONTERO, comercial**

Móvil: 678 543 240

Polígono Industrial do Tambre  
Vía Galileo, 9  
15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
www.eruom.com

Tel. 981 519 999  
Fax. 981 519 191  
comercial@eruom.com

### D.O. Ca. Rioja

Allende  
Muga  
Obalo  
Arnegui  
Azpilicueta  
Rioja Bordón  
Ramón Bilbao  
Marqués de Terán  
Marqués de Riscal

### D.O. Ribera del Duero

Tarsus  
Prado Rey  
Cruz de Alba  
Condado de Oriza  
Dominio de Atauta  
Pago de los Capellanes

### D.O. Rueda

Naia  
Monteblanco

### D.O. Ribeiro

Viña Costeira

### D.O. Vinos de Madrid

Tagonius

### D.O. Somontano

Pirineos

### D.O. Bierzo

Dominio de Tares

### Vinos del mundo

Argentina, Australia,  
Chile

### D.O. Navarra

Castillo de Javier  
Palacio de la Vega

### D.O. Bierzo

Dominio de Tares

### D.O. Toro

Fariña

### V.T. Castilla y León

Dominio DosTares  
Viñas del Cénit

### V.T. Castilla

Mano a Mano & Venta  
La Ossa  
Pago del Vicario

### D.O. Rías Baixas

Nora  
Lusco  
Veigadares  
Terra D'Ouro  
Viña Sobreira  
Mar de Frades  
Señorío de Sobral

### D.O. Valdeorras

Galgueira

### D.O. Ribeira Sacra

Pincelo & 1985

### Champagne

Perrier Jouët

### Aceite ArteOliva

Agua Solán de Cabras



**Comedores privados.  
Reservas para grupos.  
Comidas y cenas para empresas.  
Menú del día (lunes a viernes).**



**Tfno.: 981 505 325 - Rúa do Convento, 7  
15800 MELIDE (A Coruña)  
restaurantecasaquinzan@gmail.com**



O coñecido BAR CIRE de Melide marca un antes e un despois na súa traxectoria e inicia un cambio de etapa coa incorporación de novos rostros á súa dirección. Son os de Óscar Conde Torreiro e Héctor López Roca, dous socios que decidiron coller as rendas deste coñecido establecemento melidao para convertelo nun dos locais de referencia da zona dos viños. Conscientes das dificultades que conleva emprender unha aventura empresarial nos tempos actuais, afrontan o reto con optimismo e a garantía que lles ofrecen os anos de experiencia no sector da hostalería. Cunha estética renovada, o BAR CIRE celebrou a súa inauguración o pasado 7 de decembro para converterse dende ese mesmo momento nun lugar de visita ineludible para quen goce de tomar uns viños, da conversa amable e do ambiente agradable.



**Rúa Principal, 11 / Tlf: 676 19 52 86**







## Cafetería MARTA



### *Campionato de Tute (Decembro 2012)*



## CAFETERÍA - PIZZERÍA

Telf. 981 50 79 06

Avda de Lugo, 25  
MELIDE (A Coruña)



**Proquintas**  
QUÍMICA INDUSTRIAL

Un producto para cada necesidad

#### HOSTELERÍA E INSTITUCIONES

Desengrasantes. Ambientadores. Detergentes para vajillas, suelos, paredes, cristales, tapicerías

#### MANTENIMIENTO INDUSTRIAL

Aceites de corte, taladrinas. Antiproyecciones para soldadura. Decapantes. Imprimaciones. Protecciones antioxidantes. Desblocantes.

#### AUTOMOCIÓN

Anticongelantes. Champús y ceras de lavado. Desengrasantes de motores. Disolventes para brea y alquitrán.

#### CONSTRUCCIÓN

Desencofrantes. Plastificantes. Acelerantes. Impermeabilizantes de caucho, silicona

#### AGROPECUARIA

Detergentes para circuitos de ordeño o tanques. Raticidas, insecticidas (especial cucarachas)

#### PISCINAS

Algicidas. Floculantes. Correctores de PH. Limpiadores de cerco. Cloro. Desincrustantes.

#### CELULOSAS

Manteles, servilletas, toallas, bobinas industriales y domésticas



#### INFORMACIÓN Y PEDIDOS

TEL: 981.50.57.50

[www.proquintas.com](http://www.proquintas.com)

#### COMPLEMENTOS DIVERSOS

Exterminadores de insectos. Dispensadores de ambientadores e insecticidas. Dosificadores de jabón. Secadores de manos. Mopas, bayetas...



## O PP segue na liña do axuste e aproba para 2013 unhas contas “austeras”

O pasado día 1 de xaneiro entrou en vigor o orzamento do Concello de Melide para o ano 2013. O presuposto, que ascende a 5.544.069,47 euros, foi aprobado en solitario polo goberno municipal (PP) cos votos que lle confire a súa maioría absoluta. Para o executivo local trátase dunhas contas “austeras e axustadas á realidade económica” que seguen a liña de contención iniciada en 2012 e que “permitirán diminuír o endebedamento bancario e evitar que se resintan os servizos públicos”. Así o expresou o concelleiro de facenda, Luís Arias, quen sinalou que a principal finalidade do presuposto é “seguir saneando as contas municipais”.



Os orzamentos contemplan a ampliación do velorio municipal

O documento foi rexeitado de plano por BNG e PSOE, ao considerar que o presuposto non atende as prioridades dos veciños e veciñas nin contempla actuacións decididas para loitar contra as consecuencias da crise.

### Axudas sociais

A oposición amosouse especialmente crítica coas partidas destinadas polo executivo melidense para a axuda social: “co gasto que presentades, só podemos votar en contra”, expresou o voceiro dos nacionalistas, Xosé María Santín, “destinades a concursos e premios 2.500 euros e para situacións de emerxencia social só reservades 1.300, que non chegan a nada”. Nunha liña semellante, o portavoz do PSOE, Manolo Prado, considerou insuficientes os 3.000 euros destinados a Cáritas parroquial e pediu que se incrementase a cantidade: “grazas a eles moitas familias de Melide teñen algo que levar á boca”.

O concelleiro de facenda botou man de datos para defenderse e asegurou que o goberno do bipartito nunca destinou máis de 2.150 euros para a organización: “aínda por enriba presupostabades e non pagabades, que tivemos que pagar nós cando chegamos”, espetou. A partir dese momento a discusión derivou nunha espiral de acusacións entre PP e BNG, incluso de índole persoal, na que non se respectaron as quen-das de palabra e onde debate transcendeu as cuestións orzamentarias.

### Investimentos reais

A cantidade destinada a investimentos representa 558.223 euros e o 10% do presuposto, un montante no que se inclúe o Plan de Obras e Servizos da Deputación (que achega 336.596 euros). Entre as principais partidas deste apartado destaca a destinada á Casa da Cultura; 154.875 euros que permitirán abrir o edificio dez anos despois de que comezase a demolición do anterior local. Con todo, o proxecto non quedará concluído ao 100%. Outras partidas relevantes son as

### Persoal e servizos

O apartado de gastos, onde os capítulos de persoal, bens correntes e servizos acaparan 4,4 millóns de euros, o 80,62% do presuposto, foi tamén obxecto de crítica por parte de nacionalistas e socialistas. “A pesar de terdes subido todas as taxas, presentades un aforro na prestación de servizos”, explicou o voceiro do BNG “ao mellor tedes pensado suprimir algún e non o sabemos”. Pola súa banda, Manolo Prado recordou que “o gasto ten a porcentaxe máis alta dos últimos tres orzamentos que se fixeron neste concello. Eu non vexo o axuste por ningún lado”.

### Débeda bancaria

Tamén no capítulo de gastos, o orzamento de 2013 reserva 345.298 euros para amortizar parte da débeda contraída pola solicitude de préstamos aos bancos. Co pago desta cantidade, a finais do próximo ano a débeda bancaria do concello será de 1.395.046 euros. Con respecto ao pago de facturas, o concelleiro de facenda gabouse de ter liquidado durante 2012 todas as débedas cos provedores e asegurou que “Melide xa non é un problema financeiro para eles”. Na mesma liña a alcaldesa, Ánxeles Vázquez, destacou que “por primeira vez en moito tempo e a pesar da crise, non arrastramos facturas de anos anteriores”.

referentes á area de recreo infantil do Pazo de Congresos (150.318 euros) e á terceira sala do velorio municipal (63.200). O voceiro socialista, Manolo Prado, criticou este último investimento ao considerar que “non é unha necesidade real” e apuntou que “eses fondos estarían mellor empregados nas pistas do rural”.

## Bloqueados os accesos ao aparcadoiro da Rúa Galicia

Grandes pedras de cantería pechan dende hai tres semanas o acceso ao aparcadoiro público situado na Rúa de Galicia. Os propietarios da parcela, a familia Romero, decidiron cortar o paso alegando que o Concello de Melide leva dous anos sen cumprir o contrato que ámbalas dúas partes asinaron en 2008, cando gobernaba o BNG.

Fontes da familia Romero explican que no seu día chegaron a un acordo coa administración local para ceder o terreo coa única condición de que o concello pagase a contribución da finca, unha cantidade próxima aos 500 euros anuais. Segundo aseguran, nos últimos dous anos deixouse de aboar esa cantidade. Tras poñerse en contacto co concello e non chegar a entendemento, decidiron pechar a parcela para o uso público.

Dende o goberno local, na actualidade en mans do PP, sinalan que se trata dun tema “complexo e sobre o que non hai ningunha seguridade xurídica”. A alcaldesa, Ánxeles Vázquez, sostén que o único que existe é un contrato privado asinado entre os propietarios e a anterior alcaldesa “que administrativamente é nulo de pleno dereito”. Engade que “en ningún momento ese acordo pasou pola xunta de goberno local ou polo pleno” e que polo tanto “o concello non ten ningún tipo de vinculación”.

Vázquez sinala que se trata dun asunto herdado do anterior goberno e co que se atopou “por sorpresa”. Considera ademais que bordea a legalidade, un motivo polo que

decidiu, asegura, “non seguir así”. É por iso que de momento o concello non ten previsto tomar ningún tipo de determinación ao respecto, á espera do informe que a asesoría xurídica está a realizar sobre o tema.

Pola súa banda, dende o BNG explican que tras asinar o contrato se intentou tramitar un convenio, algo que non chegou a termo “por problemas burocráticos e a posterior celebración das eleccións municipais”. Os nacionalistas aclaran que as cantidades que reclama a familia Romero corresponden aos dous anos que leva no goberno o PP e sinalan que eles buscaron o xeito de cumprir o establecido no contrato. Engaden que a solución ao problema pasa pola vía administrativa e instan ao PP a negociar para conseguir asinar o convenio.

### Inquedanza no comercio

O peche do aparcadoiro da Rúa de Galicia caeu como un xerro de auga fría entre o sector comercial de Melide, que ve con preocupación como os seus clientes quedan sen un servizo que considera “clave” para o desenvolvemento do centro comercial aberto. De feito, a Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) sempre tivo entre unha das súas reivindicacións o aproveitamento de solares abandonados, previo acordo cos propietarios, para destinalos ao estacionamento de vehículos. O aparcadoiro da Rúa Galicia tiña capacidade para 26 coches estacionados en batería. Acolía ademais varios contedores de reciclaxe.



As pedras de cantería foron colocadas nos accesos ao aparcadoiro



## O mercado solidario en beneficio de Cáritas conseguiu recadar 4.000 €

Son insuficientes para a grande demanda que hai en tempos de crise pero constitúen “un colchón de cartos moi importante do que ir tirando ao longo do ano”. Así se refiren en Cáritas Parroquial aos 4.000 euros que se conseguiron reunir no mercado solidario impulsado este Nadal polo concello e a propia entidade benéfica co obxectivo de recadar fondos cos que axudar ás familias necesitadas da vila.

A iniciativa, que se celebraba en Melide por primeira vez, contou co apoio incondicional de 72 comercios e empresas da vila que cederon de forma desinteresada produtos do máis variado; dende alimentos, roupa e zapatos, ata xogueteas, plantas, libros, vai-xelas e mesmo bonos para perruquerías ou tinturerías. Se boa foi a resposta dos negocios, a dos veciños e veciñas da vila non quedou atrás: “a xente sabía que non só se trataba de mercar produtos a prezos máis baratos e a maioría deixaba algo máis do que custaban os artigos; aí e onde se ve a soli-



Os produtos téxtiles e de alimentación foron dos máis vendidos

dariedade”, explica Dolores, secretaria de Cáritas.

O mercado estivo instalado na Praza do Convento durante os días 22 e 23 de decembro e o alto nivel de vendas fixo que moitos produtos xa se esgotasen na primeira xornada: “a alimentación desapareceu en cuestión de horas e algún negocio, vendo que se acabara todo, trouxo máis cousas de segundas”. Nada do que se entregou foi de volta para os comercios. Os produtos pere-

cedoiros repartíronse nos días seguintes e o resto de artigos (roupa, calzado, fogar...) pasarán a formar parte dese remanente “do que botaremos man cando faga falta”.

Dende Cáritas Parroquial explican que nos últimos dous anos “xorden constantemente novas necesidades e novas familias que precisan asistencia, aínda que moitas non se atreven a pedila”. Para toda esa axuda extra 4.000 euros son “máis ca ben recibidos”.

## O BNG acusa á alcaldesa de encubrir unha ilegalidade

O BNG de Melide denuncia que o goberno local está ocultando unha situación de ilegalidade ao non facilitarlle un informe que solicitou conxuntamente co PSOE para aclarar a situación laboral dun traballador municipal.

As dúas forzas da oposición pediron dito informe ao coñecer que o animador deportivo do concello impartiu un curso para desempregados, en horario laboral, contratado por unha empresa privada. Nacionalistas e socialistas solicitaron saber se dito empregado dispoñía dunha declaración de compatibilidade “para exercer un segundo emprego e cobrar un segundo soldo ao tempo que a nómina do concello”.

Transcorrido o prazo legal para emitir o informe e non habendo resposta por parte do goberno municipal, o BNG considera “evidente” que a alcaldesa “está ocultando información”. O voceiro dos nacionalistas, Xosé María Santín, acusa a Ánxeles Vázquez de deixar caer no esquecemento “un asunto de moita gravi-

dade” e cualifica de “lamentábel e bochornoso que unha alcaldesa do PP promociione un traballador municipal para un segundo posto de traballo e venda ao mesmo tempo un discurso de acción contra o paro”.

### Transparencia

A alcaldesa, Ánxeles Vázquez, manifestou publicamente que “non imos ocultar nada e arranxaremos todo o que estea mal”. Explica que o servizo de intervención xa tiña detectadas posibles incompatibilidades e que por iso ela decidiu solicitar a vida laboral de máis de 80 traballadores para “tomar as determinacións oportunas”. Asegura que se actuará por igual con todos os empregados “e non só con este traballador, co que o BNG xa tivo xuízos cando gobernou e sobre o que parece que hai unha persecución”. A alcaldesa sinalou ademais que “entre as persoas que poderían estar en situación de incompatibilidade, a maioría proceden de contratacións feitas polo bipartito, pero igual esas non lles interesan”.

## Seis meses de formación coa vista posta nunha oportunidade laboral



As candidatas/os agardaron ante a porta á espera de información

Representa unha posibilidade de traballo no futuro e un alivio no presente; unha suculenta proposta en tempos de crise que levou a máis de 150 persoas paradas a participar nas probas de selección para acceder ao primeiro obradoiro de emprego que acolle o Concello de Melide dende 2004.

Finalmente un home e 21 mulleres conseguiron facerse cunha praza para formarse en

atención sociosanitaria a dependentes ao longo dos próximos 6 meses, un tempo durante o que as alumnas percibirán mensualmente o salario mínimo interprofesional. O taller comezou o pasado 26 de decembro e as clases impártense a diario no Edificio Multiusos, o mesmo lugar onde se realizaron as probas de selección, que as participantes coincidiron en sinalar

como “caóticas”.

Moitas das candidatas tiveron que agardar máis de tres horas para ser entrevistadas ao non se cumprir a orde de citación establecida pola Consellería de Traballo. O recibidor do Multiusos converteuse por momentos nun auténtico barullo de xente que, ansiosa de información sobre o que acontecía, se concentraba ante a porta de acceso ao tribunal. Finalmente foi preciso habilitar un día máis para poder valorar a todas as aspirantes.

“Isto é unha tomadura de pelo”, queixábanse algunhas mulleres frustradas polo momento pero ansiosas por conseguir unha praza. Para moitas o taller, máis ca unha oportunidade, era unha necesidade. Así o expresaba unha ama de casa separada que aseguraba levar 13 anos no paro, cun fillo enfermo de cancro e que estaba a pagar unha hipoteca. “Eu creo que merezo entrar”, dicía esperanzada.

## FOTO-DENUNCIA

### Aparcadoiro exclusivo



Non sempre é doado saber se estacionamos correctamente. Hai liñas de moitas cores que crean confusión: amarelas, verdes, azuis... por non falar das sinais verticais con datas ou franxas horarias! Non caso dos vaos xa o temos máis claro aínda que ás veces non os respectamos. Pero sempre hai quen se toma a vida sen complicacións e fai o propio á hora de aparcar: aquí paro, aquí o

deixo. Tal é o caso dunha furgoneta que atopou na Praza do Convento un espazo idóneo no que aparcar sen necesidade de manobras. Domingo tras domingo acode puntual á súa cita dando exemplo para o resto de condutores, que xa se sabe que nisto do volante... para onde vas tolo? Para onde van todos! Tardaremos moito tempo en ver a praza do concello chea de coches?



## Terremotos “de alta tonelaxe” nas estradas de Souto

Nunca Santiso foi considerada zona de risco sísmico pero os veciños da aldea de Souto, na parroquia de Arcediago, están cada vez máis acostumados a convivir cos tremores e as súas consecuencias. As fendas nas paredes das súas casas, apenas perceptibles a simple vista, avanza do mesmo xeito ca esas enfermidades silenciosas para que as que xa non hai cura cando se manifestan. Lonxe de causas naturais, a orixe do fenómeno está nos camiños de gran tonelaxe que descubriron na pista da aldea un atallo polo que acceder á estrada xeral que comunica Melide con Agolada.

“Isto vai a máis”, comenta con preocupación Matilde, unha veciña do lugar, mentres observa como avanza unha greta pola parede da casa de turismo rural que restaurou hai pouco tempo: “amañámola hai cinco anos, non ten dereito a abrir así”. Na aldea hai polo menos outras cinco casas máis que están pegadas á pista e que sofren de primeira man as consecuencias do tránsito de camiños cargados de animais



Os veciños aseguran que os camiños non respectan os límites de velocidade e solicitan bandas sonoras

ou penso e que circulan a velocidades excesivas. “Non queremos que isto se converta nunha ruta de tráileres”, engade Matilde, “porque é unha pista estreita que non está preparada para isto”.

“O problema é que pasan lanzados”, secunda Paco, un veciño que vive uns metros máis arriba. “Hai un límite de

40 pero ninguén respecta”, engade. El, ao igual que o resto de habitantes de Souto, ve con bos ollos que se instalen unhas bandas sonoras: “se as puxeron en Chorén, por que non as poñen aquí tamén, que é unha pista máis estreita, rodeada de casas e con pouca visibilidade?”. Ou iso ou limitar a tonelaxe, dúas propostas

que Matilde xa trasladou ao goberno local en calidade de concelleira.

Calquera opción sería benvida para frear os camiños e mitigar os seus efectos, algúns dos cales son claramente visibles. Ao outro lado da pista Matilde sinala cara ao tellado da súa vivenda habitual, onde as tellas pegan co bico no ca-

nalón da auga facendo un esforzo para non caer ao chan: “ao tremer a casa van correndo para abaixo porque non teñen ganchos e sóltanse do cemento”. Cada camiño que pasa avanza un pouco máis. É algo que coñece ben o seu marido, Manolo, que non hai moito tempo tivo que retellar o cume da outra casa rural que teñen na aldea, a dos Buxeiros: “tiñamos xente aloxada e viñeron avisarnos de que caían pingueiras dentro. Houbo que poñer un caldeiro mentres non amañamos”.

Os efectos vanse notando aos poucos e a auga non entra só polos ocos que deixan as tellas escorregadas: “a semana pasada andamos coa instalación do teléfono e descubrimos unha filtración na parede, cando na nosa casa nunca houbo humidade”. Son as fendas, que abren paso a un invitado incómodo. E a medida que se fan máis grandes, medra tamén a preocupación dos veciños da aldea: “non fixemos as casas pegadas á pista por capricho. Precisamos unha solución”.

## O Festival de la Luz xuntou 43.000 € contra o cancro



O festival incluíu tamén o chamando “Mercado de la cosecha”

O festival promovido por Luz Casal en Boimorto en beneficio da Asociación contra el Cáncer conseguiu recadar 48.279,22 euros. Desa cantidade, 43.279 euros foron entregados xa á delegación galega da Asociación Contra el Cáncer no marco dun acto celebrado na Fundación Paideia da Coruña. Os 5.000 euros restantes foron doados á

SGAE. O Festival de La Luz, programado para os días 22 e 23 do pasado setembro, celebrouse finalmente un só día por motivos climatolóxicos. Unhas 6.000 persoas participaron dun evento no que actuaron artistas como Iván Ferreiro, Luar na Lubre, ou Eladio y los seres queridos, ademais da propia Luz. Está confirmada a edición de 2013.

## Os populares atacan ao tripartito de Santiso por non renunciar á paga extra



Concelleiros do PP de Santiso no pleno do 9 de xaneiro

O goberno de Santiso aprobou na derradeira sesión plenaria a non dispoñibilidade de crédito para a paga extraordinaria de decembro de 2012. A medida adoptouse en cumprimento do Real Decreto Lei de Estabilidade Orzamentaria e deixará sen a extra de Nadal aos funcionarios municipais. Non obstante, non acontecerá o mesmo co alcalde e os con-

celleiros con dedicación que, amparándose nos dereitos que lles concede a lexislación, optaron por non renunciar á súa paga extraordinaria.

A decisión foi criticada duramente dende as bancadas da oposición, que lle achacou ao equipo de goberno un comportamento “pouco ético”. Así o manifestou o voceiro dos populares, Ovidio Leiva: “os po-

líticos deste concello falan de aforrar pero logo cobran a paga extra. Ídelle contar agora aos veciños cal é o voso plan de aforro”. Ante isto o alcalde, Fernando Suárez, acusou a Leiva de ter dobre vara de medir e respondeulle dicindo que “cando houbo que baixar o 5% do soldo dos funcionarios ti eras alcalde e non o quixeches baixar”.

A concelleira do PP Matilde Pallares tamén interveu no intercambio de acusacións e instou ao alcalde a ser claro e conciso: “non lle deas voltas e di a verdade, ti o que queres é que aforren os funcionarios pero non os políticos”. Suárez remitiuna entón á cúpula dos populares: “dille aos teus xefes de arriba, que son os que fan as leis agora, que obriguen tamén a renunciar á paga a alcaldes e concelleiros”, contestou o rexedor. Pallares recordou entón que “moitos cargos institucionais renunciaron sen que os obrigasen”.



## Suárez Cortiñas esíxelle ao PP que retire as acusacións de favoritismo

O alcalde de Santiso, Fernando Suárez Cortiñas, pídelles ao grupo municipal do PP que se desculpe publicamente por ter posto en dúbida a súa honestidade á hora de xestionar as contratacións de persoal do concello. En concreto, o rexedor esixe unha rectificación por parte da concelleira popular Matilde Pallares, quen no pleno do mes de novembro insinuou que a alcaldía ía prescindir da axente municipal de emprego para contratar no seu lugar a unha persoa afín ao equipo de goberno.

“O tempo deunos a razón”, sinala Suárez Cortiñas, “e a día de hoxe calquera pode comprobar que a axente de emprego non só continúa no seu posto de traballo, senón que acaba de asinar unha renovación de contrato por un ano máis”. O alcalde lamenta que Pallares aproveitase un pleno para verter “falsas acusacións de favoritismo” e pídelles ao PP de Santiso “respecto institucional” tanto para a súa persoa como para o seu proceder nas funcións da alcaldía, “onde



Fernando Suárez Cortiñas, alcalde do concello de Santiso

sempre obrei con honradez e de acordo coa legalidade”, asegura.

Suárez Cortiñas aclara que no seu momento valorou a posibilidade de contratar o servizo de emprego e desenvolvemento local a través dunha empresa porque suporía un importante aforro para as arcas municipais. Posteriormente, e tras chegar a un acordo económico coa actual axente, procedeuse á renovación do seu contrato.

### Saneamento

Por outra banda, o alcalde de Santiso acusa ao PP de crear confusión sobre a rede de saneamento do concello e asegura que no caso de Visantón queda totalmente garantida a conexión futura co colexio e as casas de Seoane: “pódese facer cando se queira”, sinala, “a única diferenza é que nós deixamos o enganche 20 metros máis arriba do que figuraba no proxecto elaborado polo anterior goberno”.

## “Hai algunha xente en Toques que nos mira mal”

Familias con fillos escolarizados en Melide séntense atacadas polo goberno municipal

Non queren cargar con culpas nin ser sinaladas polo resto de veciños. Son catro familias do concello de Toques que decidiron matricular os seus fillos en colexios de Melide e que por tal motivo aseguran sentirse “atacadas e discriminadas”. Piden respecto para a súa decisión e centran as súas queixas na actitude mantida nos últimos meses polo goberno local (PP e XCPT), ao que acusan de estigmatizalos e convertelos en culpables da redución de mestres no colexio por falta de alumnos.

As críticas saen á luz pouco tempo despois de que o bipartito modificase unha ordenanza municipal e privase da posibilidade de solicitar unha axuda de 100 euros para material escolar a aquelas familias que, aínda estando empadroadas en Toques, levan os seus fillos a colexios de Melide. “Vertéronse acusacións falsas”, sinala unha das nais implicadas, “e agora hai moita xente en Toques que nos mira mal porque pensan que estamos en contra do pobo e

que aínda por enriba recibiamos axudas”. As familias descartan tal extremo e aclaran que “nunca solicitamos nin cobramos ningunha axuda escolar; nin sabiamos que existían”.

Por outra banda, as nais aseguran non estar dispostas “a cargar coa culpa” da redución de mestres no colexio de Toques por falta de alumnos. “Non creo que o problema da escola estea en tres ou catro familias”, sinala unha delas, quen nega que o concello falese con todos os pais para que sacasen aos seus fillos das escolas de Melide. “Só mo pediron a min”, explica, “pero eu non o fixen porque os rapaces xa están adaptados alí e agora resulta moi difícil sacalos do seu ambiente”.

Aseguran non cuestionar a calidade educativa do colexio de Toques e insisten en pedir respecto para a súa decisión. “Estamos descontentos coa actitude do concello e non podemos consentir que nos boten as culpas do que pasa nin que digan cousas que non son certas”, sentencian.

## Queixos que valen o seu peso en ouro

Suma e segue. A empresa local Lácteos Terra de Melide continúa recollendo recoñecementos á calidade dos seus produtos e vén de triunfar na XV Cata dos Queixos de Galicia, que se celebrou o pasado mes de decembro no compostelán Hostal dos Reis Católicos.

A queixería de Salvador Carreira obtivo a distinción de ouro na categoría de queixo de tetilla e repite así o primeiro posto acadado o ano pasado, cando os premios das catas de Galicia foron entregados en Melide. Por detrás del quedaron os queixos de Queinaga (Curtis) e de Ruta Xacobe (O Pino). Para completar o palmarés, a empresa melidense ganou tamén a distinción de prata na Denominación de Orixe Protexida Arzúa-Ulloa, unha categoría na que a máxima distinción foi para Alimentos Ruta Xacobe.

Os galardóns non son algo descoñecido para Lácteos Terra de Melide, que dende a súa fundación suma 22 premios, toda unha garantía da calidade



Stand de Terra de Melide na feira de agasallos para Nadal

dos queixos que saen a diario da súa fábrica. A empresa, asentada na parroquia de Orois, comezou a funcionar por iniciativa de Salvador Carreira para darlle saída ao excedente de leite. Agora, co seu fillo incorporado ao negocio, nítrese de leite da comarca para fabricar unha media de 1.000 quilos de queixo ao día que son repartidos por toda Galicia.

### Prezo do leite

Durante a entrega de premios o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, convidou aos gandeiros a buscar alternativas e a reducir os custos de produción. Aludiu á necesidade de estender a base produtiva e de evitar a dependencia de pensos e forraxes. Sobre o papel da administración dixo: “temos que buscar un prezo digno para o leite e niso estamos”.

## NOTICIAS BREVES

### ITV e recollida de plásticos

O próximo 23 de xaneiro trasladarase ata o concello de Santiso o servizo da Inspección Técnica de Vehículos (ITV) para tractores agrícolas. Estará aberto en horario de mañá, de 9:00 a 13:30 horas, e pola tarde de 15:15 a 18:00. As persoas interesadas en pasarlle a revisión aos seus tractores deberán pedir cita previa chamando ao seguinte número de teléfono: 881 92 09 78. Por outra banda, o concello informa que realizará en breve a recollida de plásticos agrícolas para facilitar a súa reciclaxe. Quen posúa ditos plásticos e queira desfacerse deles deberá chamar ao teléfono 981 81 85 01 para comunicalo. Despois procederá a depositalos nos lugares habituais de recollida.

### Subvencións da Deputación

A Deputación da Coruña publicou no BOP número 239 a convocatoria de subvencións para o ano 2013. Inclúen programas de apoio para asociacións culturais, deporte xeral e federado, entidades agrarias e labregas, e entidades de promoción económica, desenvolvemento de políticas de igualdade e mantemento de programas sociosanitarios. O prazo de solicitude para participar nalgunha das convocatorias iniciárase o día 15 de xaneiro e rematará no caso das entidades ás 00:00 h do día 23 de febreiro de 2013. As convocatorias citadas poden consultarse na web [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es). Como novidade, este ano as solicitudes deberán presentarse de xeito telemático a través desta web.



# Café bar Cantón



## OS MELLORES ALMORZOS

**Biscoito caseiro todos os días**

**Os venres  
a partir das 8 do serán:**  
**Degustación gratuita  
de tapas con  
produtos galegos e de caza  
(xabarín, corzo, coello...)**

**C/ Mateo Segade Bugueiro, 29 - MELIDE**



*Luis Pintor*

## Sorteo da CESTA DE REIS

## TORNEO DE TUTE Decembro 2012

**1º premio**



**2º premio**



**3º premio**





## Terreos que agochan un negocio de altura

*Expropiáronlles as terras trala construción do embalse de Portodemouros e a día de hoxe ven como terceiras persoas fan uso delas “para lucrarse”. Os propietarios da Illa de Altura, un outeiro de 100 hectáreas no medio das augas, contan para Cerne a loita que manteñen dende vellopara recuperar o uso das súas fincas.*

“Isto antes non era unha illa”, explica José Manuel Ayude dende a parte máis elevada do antigamente chamado Coto de Altura, un outeiro dunhas 100 hectáreas situado na parroquia de Beigondo (Santiso) que a día de hoxe emerxe maxestoso no medio das augas. “Converteuse en illa cando fixeron o pantano e foi entón cando expropiaron todas as terras”. Daquela remataran de construír o embalse de Portodemouros e o 26 de maio de 1968 a chamada Comisaría de Aguas del Norte de España asinaba o decreto de expropiación a favor da Hidroeléctrica Moncabril (máis tarde Unión Fenosa), concesionaria dos ríos Ulla e Arnego.

“A cláusula 18 di moi claro que os propietarios seguen sendo os antigos donos”, sinala José Manuel cos papeis na man. “Expropiaron para poder producir enerxía hidroeléctrica pero para nada máis”, engade, “e o que están facendo dende hai anos é apropiarse delas para dedicalas a actividades comerciais e lucrarse”. Primeiro foi a extracción de madeira, “uns 200.000 euros en eucaliptos”, e recentemente a explotación cinexética para a práctica de tiro con caza menor.

José Manuel apunta a sociedades concretas, sen medo. Quizais por iso se define como “un home incómodo para Gas Natural Fenosa” e, sobre todo, como “a persoa que lle axuda a esta xente”. Esa xente son 5 dos 20 propietarios da Illa de Altura que levan anos preiteando “para que as fincas volvan aos seus antigos donos, poidan aproveitarse delas e cese o uso comercial por parte de terceiros”.

### Cómplice necesario

Pola Illa de Altura, cando aínda era coto, camiñou moi-

tas veces Manolo. Dende a finca cuxa titularidade reclama pode ver perfectamente a súa casa, na parroquia de Viñós (Arzúa). Máis calado que o seu compañeiro, asente cando José Manuel define o que pasou cos terreos da Illa: “a Xunta presume de transparencia pero non se lle nota. Foi o cómplice necesario deste chanchullo”.

A cadea de feitos comezou cando o entón vicepresidente de Unión Fenosa, Honorato López Isla, lle cedeu os terreos á Consellería de Medio Ambiente durante a época de Manuel Fraga na presidencia da Xunta. A consellería, da que entón era titular José Manuel Barreiro (actual presidente do PP de Lugo), asinou un convenio coa sociedade Agrícola Tambre-Ulla S.L. Esta entidade, que tiña por obxectivo “transformar un espazo natural abandonado al estado normal de conservación del campo gallego”, tamén contemplaba a posibilidade de “constituír un coto comercial de caza menor”, se-



Manolo e José Manuel nun dos postos de tiro da Illa de Altura, coas augas do embalse ao fondo

gundo figuraba ata hai pouco na súa páxina web.

Deste xeito, no ano 2005 comezou a actividade comercial coa caza de perdices e collos, previa tala de eucaliptos e pinos (a segunda dende 1993). Tamén se desbrozaron as fincas “con subvencións da Xunta” e contratouse un garda forestal “que lles chamaba a atención aos propietarios por vir aos seus terreos”. Ademais construíuse un acceso de terra á Illa de Altura, para non ter que empregar unha barca se subía moito o nivel do embalse, “e chegaron a poñerlle unha cancela para que non entrase ninguén”. Así o explica José Manuel Ayude, quen engade categórico: “nós non estamos en contra dos nego-

cios, pero que os vaian facer ás súas fincas”.

### A xustiza falou

O 9 de xullo de 2009 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia emitiu unha sentenza dicindo que había que reverter as fincas. Nos últimos tres anos só se aplicou ese dereito de reversión a unha superficie aproximada de 5 hectáreas. Recentemente os propietarios orixinais remitíronlle un escrito ao presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, “para contarlle o que pasaba e que tomara cartas no asunto”. A pelota foi derivada de novo á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, que xa hai 6 meses se puxo en contacto con Gas Natural Fenosa instando a

reverter os terreos. De momento non hai pronunciamento oficial e os propietarios cren “que queren amañar doutro xeito, chegando a un acordo”. Para iso, din, “hai que sentarse coas partes”.

Mentres agardan, a xestión da Illa de Altura caeu hai menos dun ano noutra sociedade, Sarela, que segundo indican os afectados, “é máis respectuosa, porque lles marcamos as fincas que están reclamadas e deixaron de cazar nelas”. “Aínda temos moitas máis que marcar”, aseguran, “e niso estamos”. O tempo pasa lento na Illa de Altura pero os propietarios ven cada vez máis cerca a posibilidade de facer un uso efectivo das terras que deixaron hai 45 anos.

## Un coto privado para o ocio de luxo



Vista Xeral da Illa de Altura dende o camiño de acceso

Nos últimos anos a Illa de Altura foi adquirindo unha aceptación crecente entre afeccionados á caza de Galicia e do resto de España. O coto creado pola sociedade Agrícola Tambre-Ulla S.L. contaba cunha páxina web propia para promocionar a actividade na que se definía a illa como un lugar “en el que se ofrece un tipo de caza similar al de otras regiones cinegéticamente máis valoradas pero a una distancia tan reducida que permite cazar y volver a casa en el día sin grandes viajes y con coste más reducido”.

Manuel Ayude amósase menos poético ao respecto: “aquí vén cazar xente rica de Santiago e moitos políticos cos seus amigos. Sóltanlles unhas perdices, mátanas a tiros e logo fan festas”. O ocio que se ofrece na Illa de Altura non está ao alcance de todos os petos. A sociedade que xestionou o coto ata hai menos dun ano ofrecía a posibilidade de aboarse por un prezo de 800 euros ao ano. Cada peza soltada (perdiz ou faisán) pagábase a 10 euros e estaban dispoñibles servizos adicionais como o garda/acompañante (50 euros) ou a recollida de aves abatidas (40 euros).





## ORQUESTAS EN EXCLUSIVA

A RODA  
ACHE  
ACUARELA  
ALARMA  
ALKAR  
AMERIKAN TOP  
ARMONÍA SHOW  
ALEGRÍA  
ATENAS  
BLUESTAR  
CLAXXON  
CENIZA  
CHARLESTON  
CHICAGO  
CHICAS SHOW  
CICLÓN  
CINEMA ORQUESTA

COSTA OESTE  
COMBO DOMINICANO  
ESTRELLAMAR  
FANIA BLANCO SHOW  
PHILADELPHIA  
FIN DE SIGLO  
FOLIADA  
GALILEA  
GARIBALDI  
GRAN PARADA  
YRIS  
JERUSALÉN  
LA BÁMBOLA  
LA OCA  
LIMÓN  
MADEIRA  
MAGOS DE ESPAÑA

MANILA  
MARBELLAMARCA  
METRÓPOLISMIDAS  
MILLENIUM  
MIRAMAR  
NOVA IMPERIAL  
NOVA PALMA  
NUEVA GENERACIÓN  
OCÉANO  
ORQUESTA TELEVISIÓN  
PALLADIUM  
PANAMÁ  
PANORAMA  
PARAÍSO  
PARÍS DE NOIA  
PILI PAMPÍN  
PONTEVEDRA

SALSA ROSA  
SAMBA  
SAMIL  
SINTONÍA DE VIGO  
TAMBO  
TEQUILA  
TOKIO  
TRIUNFO  
TROLE  
TROVA MUSICAL  
U-KAPA PORTUGUESA  
VENECIA  
VERSALLES  
XENTE NOVA

*Espectáculos* **ANGEL**  **SEOANE**

MELIDE - MONTERROSO Tfno. móvil: 617 38 48 60



## Cafetería e Pastelería *Estilo*

Casa Estilo amosou ao longo deste Nadal o seu fondo compromiso coa música tradicional, especialmente con aquela feita en Melide e por melidenses. Esta cafeteria e pastelería, unha das máis emblemáticas e antigas da vila, arroupou a Os Melidaos na presentación do seu segundo disco, "Axudádeme a cantar", e acolleu unha festa que se prolongou varias horas e na que veciños e convidados deron conta de saborosos petiscos ao son de gaitas e boas voces.

O establecemento foi tamén o punto de partida dos cantares de reis que Herba Grileira e Pozo Pequeno levaron polo casco histórico de Melide na noite do cinco de xaneiro. Gaiteiros e pandereteiras encheron de alegría as paredes de Casa Estilo, que lles brindou un bo recibimento con invitacións a viño e roscón de reis.



**COMEZAMOS AS REBAIXAS**  
**Descontos de ata o 50%**



Síguenos en [facebook](#)





## Os Melidaos presentan novo disco e incorporan a voz ao seu repertorio

O grupo de música tradicional Os Melidaos presentou o pasado 30 de decembro na discoteca Factory Room de Melide o seu segundo disco, “Axudádeme a cantar”, un traballo gravado nos estudos Abrigueiro de Friol no que a través de 14 pezas realizan un percorrido xeográfico e temporal polos últimos tres séculos de música tradicional.

Preto de 200 persoas acompañaron á agrupación na presentación deste novo disco no que se inclúen por primeira vez as voces dos seus membros. Esa é a principal marca de identidade dun traballo que tamén se caracteriza pola variedade de estilos, un aspecto que destacou o presidente de Cántigas da Terra, Xosé Carlos Ponte, presente no acto: “convertestes en virtude o que podía ser un risco e atopastes o equilibrio e a homoxeneidade sen caer na monotonía, algo moi difícil de conseguir”.

No repertorio figuran varias pezas cantadas, outras que nunca antes foran gravadas e algunhas compostas por



Os Melidaos gravaron dous discos nos últimos tres anos

membros do grupo. Tal é o caso do “Pasodobre de Marcelino”, do veterano gaiteiro Marcelino Vázquez e a peza “Pasando pola vila de Arzúa”, composta polo gaiteiro e voz principal do grupo, Antonio Raposo. Precisamente foi el o que, en calidade de voceiro, agradeceu ante o público a boa acollida que está a ter o disco e amosouse emocionado por poder expoñer un traballo no que a agrupación investiu dous anos de grandes esforzos

persoais e económicos.

O acto serviu tamén para presentar oficialmente a un novo membro, o sadense Diego González, cuxo nome se une dende agora aos de Pepe Taboada, Pepiño Blanco, Xosé Luis Casal, Xele Barrio, Antonio Raposo e Marcelino Vázquez. Todos eles son Os Melidaos, “os gaiteiros que cantan” e perseguen co seu traballo espallar, ao tempo que conservar, “o gran tesouro que é a música tradicional”.

## Música, voz e imaxes para explicar o software libre



Escolares atenden á representación do conto “Gato e o conde Rato”

Na súa intención de difundir as vantaxes do software libre e de familiarizar aos máis cativos con este concepto, Melisa (a Asociación de Software Libre de Melide) levou aos colexios da vila e outros centros de tres provincias galegas a peza artística “Gato e o conde Rato”. Trátase dun conto con música, acompañado tamén por ilustracións, que ao longo de tres actos e 50 minutos busca a interacción co público infantil para que os pequenos entren en contacto dun xeito

divertido co mundo do software libre.

A proposta foi levada á escena pola compañía “Modestos contos de Broadway” e as actuacións desenvolvéronse na marco do convenio asinado en 2012 entre Melisa e a Fundación para o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia. En concreto, o conto representouse no colexio Nº1 e no da Martagona, en Melide. Tamén en Monterroso, Lalín, Vila de Cruces e na Biblioteca Municipal de Monte Alto, na Coruña.

## A Maristela camiña sobre o ronsel do tempo para recuperar a tradición



O espectáculo incorporou pequenas pezas teatrais

Música, baile e teatro. Un espectáculo completo e variado que durante máis de dúas horas captou a atención do público melidense nos días previos ao Nadal. É “O ronsel no tempo”, o último traballo da Maristela de Sobrado, que escolleu a vila de Melide como lugar de inicio dunha xira coa que pretende levar a esencia da cultura tradicional aos escenarios da comarca.

O propio espectáculo foi presentado como unha función “que recolle o alento e o sopro dos devanceiros” e que busca traer ao presente todos aqueles valores (mesmo a idiosincrasia do pobo) que quedan diluídos nese ronsel do tempo como consecuencia da chamada modernidade.

Coa tradición como fio argumental, comezou un percorrido por todos aqueles

espazos sociais e de convivencia que foron dende sempre xermolo da cultura galega: muiñadas, festas, camiños, tabernas e leiras que deixaron sobre o escenario todo un repertorio de bailes grupais, cantigas e pequenas pezas de teatro con regueifas incluídas nas que boas doses de retranscra conseguiron arrincar as risas do público. A voz foi protagonista da función á hora de dar vida aos parrafeos sobre a paixón e o desdén amoroso. Tamén para recrear os traumas da emigración e afondar na lenda das lavandeiras perdidas polos camiños, momentos ámbolos dous onde o espectáculo conxugou a parte instrumental coas voces solistas, a escuridade e a néboa. O camiño polo ronsel do tempo chegou tamén á época mais actual cunha innovadora coreografía de percusión corporal ao ritmo do son dos zocos. E nese punto, tradición e modernidade foron da man.

## A comarca ponlle papel e lazo aos seus produtos



Expositor con ovos de explotacións avícolas de Melide

Quen dixo que os produtos da terra non poden ser o mellor dos regalos de Nadal? Convencidos de tal idea, o Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo e o Concello de Melide puxeron por primeira vez en marcha a “Feira de Agasallos da terra para Nadal” coa intención de promocionar os produtos feitos, cultivados ou elaborados na comarca de xeito artesanal. Durante dous días, preto de vinte expositores déronse cita no Cantón de San Roque e ofrecéronlle a clientes e visitantes unha mostra do máis variada: queixos, ovos, marmeladas, cebolas, fabas, embutidos, doces, fungos, viños, licores, mel, nabizas, cremas de iogur, bacallau... e tamén bens máis tanxibles e menos comestibles: mobles, lámpadas de ferro, pezas de cantería, estancias en casas de turismo rural e música da mellor.



## RETRINCOS DO NADAL NA COMARCA



Fixéronse de rogar pero finalmente chegaron a Melide. Os Reis Magos trouxeron unha hora de retraso porque viñan cargados de regalos, non porque “Melide aínda está sen autovía”, como dicía alguén entre o público. Centos de persoas ateigaron as rúas da vila un ano máis para ver pasar unha cabalgata que este ano incorporou zancudos e pitufos e trala cal os máis cativos foron recibidos polos Magos de Oriente na igrexa parroquial. Unha maxia diferente foi a que encheu as rúas e aos bares da zona vella nos que Herba Grileira e Pozo Pequeno cantaron os reis. A música, parte esencial do Nadal melidense, foi a protagonista nos concertos da Coral Polifónica e dos alumnos do conservatorio. E para completar a maxia, a programación cultural do concello, con obradoiros, baile, música, cine, manualidades...



No concello de Santiso os Reis Magos acostuman a facer unha visita por partida dobre. Pola mañá estiveron en Ponte Arcediago e pola tarde apareceron no centro de saúde de Visantoña para ir ata o local social en cadansúa carroza. Acompañounos unha comitiva numerosa onde non faltaron cabalos, gaiteiros, o carteiro real en bicicleta, un coche descapotable e mesmo Herodes co seu castelo. Tantos caramelos repartiron que houbo quen levou unha bolsa chea deles para a casa e por se non abundase, tamén lle deron un regalo a cada un dos cativos que acudiron a visitalos. O Nadal tamén trouxo música e teatro a Santiso, cun espectáculo multidisciplinar organizado pola Asociación Cultural Banda Escola de Música de Visantoña. Non podía faltar tampouco o tradicional concerto do día de reis.



O tempo de Nadal tamén é tempo de lecer e en Toques deron boa conta diso con actividades que comezaron xa o 18 de decembro cunha excursión ao Belén de Begonte (aínda que tamén tiveron o seu propio instalado no concello). Os máis pequenos puideron gozar dos campamentos de Nadal durante seis días e a maiores tiveron unha festa con xogos, animación, inchables e unha boa merenda. O teatro non podía faltar e o albergue municipal acolleu unha representación a cargo da compañía Charamela. En Sobrado, o concello organizou unha festa de Nadal no pavillón polideportivo á que acudiron numerosos cativos, pais e nais.



# Iceberg

O TEU NOVO PUB EN MELIDE





## Reflexións sobre o avellentamento activo

Xosé Núñez López

Quixera comezar o ano expoñendo a miña opinión sobre as persoas maiores que a pesar dos moitos anos vividos aínda non renuncian a seguir axudando nos traballos que lles poidan ser propios, ou cando menos a seguir asesorando mediante a experiencia que lles conceden as vicisitudes polas que xa pasaron.

A Sociedad Española de Geriatría y Gerontología presentou recentemente un libro titulado "La experiencia de envejecer", no que se recollen as testemuñas de 44 persoas con idades comprendidas entre os 70 e os 95 anos e no que se conclúe que envellecer non supón renunciar a gozar da vida ou a realizarse como persoa. Un dos temas que aborda a publicación é a valía das persoas maiores e a súa contribución á sociedade, sobre todo neste tempo de crise: todos sabemos que a pensión de avós e pais é, para moitas familias, o que axuda a paliar en boa parte a maltreira situación de moitos fogares. Por outra banda, se os pais e nais traballan fóra da casa, os avós son os que quedan ao coidado dos cativos, cumprindo así a transcendente función de moderar coa súa serenidade e experiencia a educación que reciben de seus pais.

Encánteme un principio que di: "pensa que hoxe é o primeiro día de toda a vida



que aínda che queda por diante". Nesta mesma liña, subscribo totalmente o parágrafo escrito polo señor Calvo nunha revista á que levo afiliado 50 anos e que reproduzo a continuación: "admiro ás persoas maiores con fe en algo: con fe en Deus, na vida, no futuro e con fe no futuro e no agora temporal e caduco. E tamén nas persoas que viven, que gozan, que agradecen, que falan, que sorrín, que esperan polo seguinte intre e polo mañá, porque é sinal de que aínda queren seguir".

Que é ser maior? Ser maior só significa cumprir uns meses ou uns anos máis. E se isto te aflixe, é porque non sabes, estás equivocado e non es moi intelixente. Porque, de ver-

dade, es un privilexiado, cheo de sorte, que segues aí vendo amencer cada mañá e que continúas tendo deberes que facer e esixencias que cumprir. Debes actuar e aproveitar o tempo, porque estás vivo e neste teatro da vida cada actor debe responsabilizarse do seu papel. E tamén queda dito que os vellos debemos falar coa xente e sorrir ao saudar, algo co que non só está de acordo senón que practica a diario este servidor de vostedes.

Ademais das reflexións anteriores e da experiencia que poden aportar as persoas maiores, se vives nunha cidade podes observar a diario homes e mulleres que colaboran moi positivamente en actividades do fogar como coidar

aos pícaros, sacar os cans a pasear ou facer as compras na tenda. E dende logo, sen escusa nin pretexto, ir buscar o pan cada día á panadería.

A conto disto último, quixera rematar con bo humor contando unha anécdota que me sucedeu en Vigo, onde paso os meses de inverno. Un día saín mercar un cartucho de tinta para a impresora e entrei nunha tenda que se atopa nun soto da mesma rúa onde resido. Ao estar enterrada, dende a tenda é imposible ver a xente transitando pola beirarrúa nin tampouco a panadería que está a uns cen pasos máis adiante.

Baixei pola escaleira e fun atendido moi amablemente por unha muller á que lle pedín o cartucho que necesitaba con urxencia. Non o tiñan e pedíronme que volvera mañá. Pero eu insistín en que era urxente e entón a dependenta díxome con toda naturalidade que ao día seguinte cando fose buscar o pan xa podía recoller o cartucho. Como se dá o caso de que a tenda está nun soto, eu contestei sorrindo: "pero vostede veme ir a min comprar o pan?". Ela, abraíada e sen querer aclararme o que daba por feito sendo eu un vello, non soubo saír do apuro. Estivemos de acordo en que a mellor forma de rematar o diálogo era rir á esgalla ámbolos dous. E así o fixemos.

## Desexos de aninovo

Familia Fondevila González

Os días pasan, os anos remantan e neles queda parte da nosa vida coas súas alegrías e preocupacións. Grazas que ao lonxe as campás do lugar, co seu alegre repenicar, chegaron para anunciarnos o Nadal. Con el veu a ledicia que nos transmite o manto de neve que cobre todo o val e a montaña formado por esas folerpas sinxelas, humildes, silenciosas e brancas que con suavidade se pousan na vila.

Pouco a pouco foise debuxando unha preciosa estampa de claridade e resplandor, ao igual que as pequenas cousas e detalles da boa xente cunha sólida moral e que pensa un pouco nos demais. Un sorriso, un saúdo, un bico... son pequeneces que se engrandecen cando veñen de persoas puras. A harmonía e a musicalidade das campás e das panxoliñas fixeron espertar os doces recordos da nosa nenez e xuventude, da alegría e felicidade do fogar que nos viu medrar.

Que entraña o Nadal? Todos os sentimentos que con alegre cantar celebra a xente de paz e te felicita con cariño e amizade. Desexámosvos de corazón un ano 2013 cheo de felicidade.

A familia Fondevila González.

## Software libre na empresa: o custo

Rafael Rodríguez Gaios, presidente de Melisa

Á hora de facer números do que nos custa a nosa aplicación privativa, debemos ter en conta tamén os gastos 'colaterais'. Polo simple feito de usar aplicacións non seguras, debemos ter o noso sistema protexido con medidas adicionais, é dicir, con antivirus, devasas, antimalware, etc., que non só teñen un custo económico, senón que ao final tamén temos que sumar as posibles perdas de tempo ante fallos no sistema. Tempo durante o cal non poderemos desenvolver a nosa actividade laboral.

A todo isto hai que engadir o custo que pode supoñer a saída deste tipo de aplicacións, ou realizar unha migración cara unha aplicación dife-

rente. É dicir, no caso de que pasado un tempo a nosa empresa decida cambiar de software, atoparemos atrancos para recuperar os nosos datos, e no caso de ser posible haberá que soportar os gastos derivados. Cabe dicir que na maioría dos casos non será posible a recuperación da información, precisamente para evitar que cambiemos de programa informático e así seguir dependendo da empresa provedora.

Cando, por outro lado, dispoñemos da posibilidade de usar un software que nos ofrece as vantaxes como as que vimos en anteriores artigos, e cuxo modelo está baseado nos servizos, podemos facer facilmente unha compa-

rativa xusta para ver que tipo de software é mais axeitado para a nosa empresa. Cando utilizamos software libre, non temos custos de licenzas por uso, nin actualizacións periódicas. Teremos que empregar o noso orzamento en formación, soporte, personalizacións, e en calquera servizo que faga posible o mellor uso do noso software empresarial. Atoparemos unha vantaxe competitiva no feito de investir o orzamento dispoñible en mellorar o uso dos programas, en lugar de ter que pagar polo simple uso dos mesmos.

O software privativo cóstalle moito máis á empresa do que o empresario probablemente saiba.



**Tenda degustación de  
queixo e produtos  
artesanais de calidade  
Rúa San Pedro, 16  
MELIDE**

**Tenda: 981 505 723 - Queixería: 981 510 702  
Balada - Visantón (SANTISO)  
xebre@telefonica.es**



## MARISSA SÁNCHEZ MOSQUERA, EL BAÚL DE LA PIQUER

# “A xente é moi reticente a gastar cartos porque ten medo do que poida pasar”

A amabilidade no trato é un dos puntos fortes de El Baúl de la Piquer, unha cualidade que transcende tamén á conversa na que Marissa Sánchez Mosquera conta as vicisitudes dunha tenda de roupa en tempos de crise. Hai un ano e mediu abriu, xunto con Montse Novo, El Baúl de la Piquer,

o comercio coas propostas máis arriscadas en moda feminina. A aposta foi un acerto. A día de hoxe a tenda goza dun oco propio na oferta melidense e dun estilo recoñecido ao que acompañan a renovación constante de prendas e a súa singularidade como eixos vertebrais do negocio.

**-Unha tenda de roupa só para muller con prendas do máis moderno. Non é unha aposta demasiado arriscada?**

**-Marissa Sánchez. (M.S.):** Si, foino no seu momento, cando abrimos hai un ano e medio, pero apostamos en firme porque vimos que había un oco de mercado por cubrir: o da xente nova. A maioría das tendas tiñan un pouco de todo pero nós focalizamos nun só tipo de cliente. Dende que comezamos foron abrindo pouco a pouco en Melide máis tendas nesa mesma liña. Iso é bo porque a día de hoxe na vila hai unha oferta variada e o cliente non ten necesidade de ir mercar fóra. Mentres cada tenda teña o seu estilo de roupa e o seu mercado, todo vai ben.

**-Vostedes teñen un estilo propio?**

**-M.S.:** A roupa de El Baúl de la Piquer marca unha liña diferente. Temos tallas dende a 36 ata a 46 e diferentes estilos para que todo o mundo poida atopar o que máis se lle axusta: hai prendas para ir arregladas ou para saír pola noite e temos tamén o mercado básico de vaqueiros, con camiseta ou camisa, a cazadora máis clásica, o plumífero... É roupa moderna e xuvenil pero non só para mozas novas; simplemente para quen lle guste vestir moderno. De feito, case vendemos máis para mulleres de mediana idade que para mozas, porque moita xente nova de Melide vive fóra e merca fóra.

**-Probablemente nos centros comerciais. Prexudicadas moito?**

**-M.S.:** Si, inflúen bastante. A xente pasa alí todo o día porque ten a posibilidade de comer, de ter aos nenos entre-



Marissa Sánchez aposta por roupa moderna e pouco convencional

tidos... vai dar unha volta e acaba mercando. Eu son autónoma pero comprendo por que a xente fai iso. Quizais tamén van por proximidade e porque hai máis oferta. Niso e nos prezos non podemos competir con eles. Pero aquí estamos, manténdonos.

**-A pesar da que está caendo...**

**-M.S.:** Aos autónomos vainos mal. Non nos fai falta ver a tele nin ler o xornal para saber como nos afecta a crise. Eu noto que hai moito medo entre a xente. Incluso as persoas que seguen conservando os seus traballos e o mesmo nivel de vida de sempre son reticentes a gastar porque teñen medo do que poida pasar. Iso impide que se movan os cartos. Se eu non merco unha prenda de roupa, non tomo un café e non

vou ao supermercado, todos morremos. Isto é unha cadea.

**-Cambiou o xeito de mercar do cliente?**

**-M.S.:** Si. A xente antes mercaba porque lle apetecía, porque lle gustaba e podía. Agora merca máis porque o necesita. No caso da roupa véndese moito menos porque todos temos moita e tarda en acabarse. As clientas entran, miran e non mercan. Ademais agora notamos que buscan prendas que lles vailan para combinar con todo. Antes mercaban prendas de todas as cores.

**-Hai algunha estratexia ante a crise?**

**-M.S.:** No noso caso procuramos estar continuamente traendo roupa nova para que circule e as clientas non se

atopen co mesmo cada vez que entren na tenda. En El Baúl de la Piquer sempre hai algo novo que ver. Recibimos roupa dúas veces á semana e tratamos de traer variedade e poucas tallas para que a xente non vaia igual. Na mesma liña, cambiamos o escaparate todas as semanas para amosar as cousas novas que van vindo.

**-Que importancia ten o escaparate nunha tenda?**

**-M.S.:** Moita. Incluso diría que o é todo para unha tenda. Un escaparate sempre chama a atención. Pódete sorprenden ou non pero cando pasas, miras. É a túa carta de presentación ante o cliente, onde mostras todo o novo que tes e mesmo onde se reflexa a filosofía do local e a túa identidade. Vendo o escaparate xa sabes cal é a liña da tenda.

“Traemos roupa dúas veces á semana para que as clientas sempre atopen prendas novas”

“O escaparate é todo para unha tenda porque nel está a carta de presentación ante a clientela”

**-Que tal vai o seu labor como deseñadora de americanas?**

**-M.S.:** É algo que levo facendo moitos anos pero dende hai pouco teño venda online a través da páxina web elpatiodemicasa.com.es. Comecei facéndoo para nenos, e a xogo para os seus pais e nais, pero agora vendo moito máis para maiores. É un espazo onde poño en práctica toda a miña creatividade, traballando con diferentes teas mesturadas e cores. Os clientes poden confiar na miña creatividade ou facer encargos. Eu dou marxe a que eles me expoñan o que queren e intento reproducilo. Son prendas únicas fabricadas en Galicia. Maiormente traballo en base a americanas, sobre todo infantís, pero sempre estou aberta a calquera proposta que me fagan.





**Grazas a todos/as por un  
Fin de Ano tan grande e  
IMPRESIONANTE!!!**

**> SABADO 12 XANEIRO**

Festa Burlesque e Festa Ron Habana 7  
Con Regalos!!!

**> SABADO 19 XANEIRO**

Festa Imaxe Ron Ritual  
Con azafatas que te convidan  
a unha copa con regalo

**> SABADO 26 XANEIRO**

Festa Comando Ron Matusalén  
Con azafatas, regalos e moito máis...



**Gran éxito da Festa Ramón Bilbao  
con foto personalizada**

**TODOS OS VENRES,  
CATA E DEGUSTACIÓN DE VIÑO**

**VENRES 11**

**Rioja Bordón  
Bordón Reserva  
Con 1 CD de regalo**

**VENRES 18**

**Ribera del Duero  
Prado Rey**

**VENRES 25**

**Rioja Lan e Lan-D12**



DISCOTECA

# Kull

Pontecarreira

**5 DE DICIEMBRE**



**SABADO 12 XANEIRO**

Pub Aloha  
Melide

B  
R  
E  
V  
E  
S

## Control aos madeireiros

O concello de Toques aplicará man firme cos madeireiros que traballan nos montes do municipio. Tralos últimos danos causados no mobiliario urbano por unha empresa que traballaba no entorno do Castro da Graña, a administración local ameaza con denunciar a aqueles profesionais que non reparen os estragos que a súa actividade produce en sinais, farolas, pistas ou beirarrúas. En 2013 creará unha taxapara os madeireiros.

## Perseguindo aos morosos

Santiso dará un toque de atención ás empresas e particulares que están en débeda coa administración local. A día de hoxe o concello ten sen cobrar arredor de 6.000 euros en licenzas de obras, dos que 2.000 corresponden a facturas con máis de dous anos de antigüidade. Outro dos principais focos de morosidade detectouse na axuda a domicilio, onde hai beneficiarios que levan máis dun ano sen pagar, “e non é porque non poidan”.

## Moito peso e velocidade

O PP de Santiso solicitou que se limite a tonelaxe na estrada que vai de Seoane á Ponte da Cornella. Segundo denunciou, a miúdo pasan tráileres de transporte de animais cun peso excesivo que están a provocar a aparición de fendas en varias casas. “Se non facemos nada, algún día vai haber problemas”, asegurou a concelleira Matilde Pallares. O PP sostén ademais que os camións pasan moi preto das casas “a altas velocidades”.